



## Arte para gozar: xornadas teórico-prácticas sobre sensualidade e erotismo na arte

Sala Multiusos do Museo Provincial de Lugo.

Do 20 ao 28 de setembro de 2012.

Organiza: Rede Museística, Área de Cultura e Turismo,  
vicepresidencia primeira da Deputación de Lugo

Duración: 20 horas

Coordinan: Fernando Arribas e Antonio Reigosa

Estas xornadas forman parte das actividades complementarias da exposición "Arte para gozar. Sensualidade e erotismo nos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo", mostra aberta ao público na Sala de Exposicións do MPLugo desde o 12 de xullo ata o 30 de setembro de 2012.

Esta exposición, na que se amosan uns 130 obxectos e obras procedentes dos catro museos da Rede (MPLugo, MPMar, Pazo de Tor e Museo Etnográfico San Paio de Narla), é representativa das diferentes sensibilidades que en distintas épocas trataron o erotismo na arte, ao tempo que unha oportunidade única para coñecer moitos fondos destes museos que habitualmente non están expostos ao público.

Con estas xornadas preténdese optimizar o aproveitamento dos contidos desta singular mostra achegando ás persoas interesadas os coñecementos sobre o erotismo de recoñecidos especialistas en distintas artes e disciplinas: cine, literatura, arte, arquitectura, fotografía, gastronomía... para rematarmos cunha cea de confraternidade elaborada con ingredientes afrodisíacos.

Poderán asistir todas as persoas interesadas, previa inscrición, que é gratuíta, e ata completar aforo.

### PROGRAMA

#### Xoves. 20 de setembro

18:00 h. Inauguración das xornadas

18:10 h. *O cine erótico e pornográfico en Lugo*, por **Fernando Arribas Arias**. Escritor e investigador da historia do cine, responsable de Difusión da Rede Museística.

19:30 h. *A filla que aleita ao seu pai: Piedade filial ou erotismo incestuoso?*, por **Antonio Reigosa**. Escritor, investigador e divulgador da cultura popular galega, responsable de Comunicación e X. Cultural da Rede Museística.

20:15 h. Tertulia e debate coa participación dos ponentes e do público asistente.

#### Venres. 21 de setembro

18:00 h. *Contos colorados. O erotismo na literatura popular*, por **Xosé Miranda Ruíz**. Escritor e profesor, especialista en literatura de tradición oral.

19:00 h. *Sensualidade e erotismo na arte europea*, por **Covadonga López de Prado Nistal**. Museóloga, historiadora da arte e directora do Museo Massó (Bueu), especialista no tema do erotismo na arte.

20:00 h. Tertulia e debate entre os ponentes e o público asistente.

#### Luns. 24 de setembro

18:00 h. *O erotismo na arquitectura románica*, por **Pilar Sánchez Monje**. Historiadora da Arte e investigadora do Románico en Lugo.

19:00 h. *A fotografía erótica*, por **Germán Limeres**. Fotógrafo profesional e artista.

20:00 h. Tertulia e debate coa participación dos ponentes e do público asistente.

## Martes, 25 de setembro

18:00 h. *A música erótica*, por **Abraham Cupeiro**.  
Intérprete e profesor no Conservatorio Superior d'Coruña.

19:30 h. Tertulia e debate coa participación  
do ponente e do público asistente.

## Mércores, 26 de setembro

18:00 h. *Ti contabas as estrelas / eu as areas do chao:  
Erotismo e poder na poesía galega de tradición oral*, por  
**Olga Novo**. Escritora e investigadora da literatura galega.

19:00 h. *O febril revoar das amavías. Lecturas de  
sexo e desexo*, por **Isidro Novo**. Escritor.

20:00 h. Tertulia e debate coa participación  
dos ponentes e do público asistente.

## Venres, 28 de setembro

20:00 h. *Influencia dos afrodisíacos e o erotismo na  
gastronomía*, por **Ángel González Vera**. Licenciado en  
Ciencias Económicas, experto en temas agroalimentarios,  
membro da Academia Aragonesa de Gastronomía.

21:30 h. Clausura das xornadas.

22:00 h. *Cea afrodisíaca*.  
O nome do restaurante, o menú e o prezo por persoa serán  
dados a coñecer nas datas previas ao evento. As persoas  
interesadas en asistir a esta cea deben inscribirse previamente  
a través do formulario que lles facilitará a organización das  
xornadas. O custo por persoa, que será a escote entre  
os asistentes, farase efectivo no propio restaurante.

Máis información sobre estas xornadas no tfno.:  
982 24 21 12 (departamentos de Difusión ou Comunicación)  
ou a través do e-mail: [info@museolugo.org](mailto:info@museolugo.org)

### Inscripcións

As inscricións realizaranse exclusivamente a través do formulario  
dispoñible na web da Rede Museística: <http://www.museolugo.org>

### Diploma de asistencia

As persoas inscritas cuxa asistencia non sexa  
inferior ao 80% das horas impartidas recibirán un  
diploma acreditativo de 20 horas lectivas

### Información e contactos

Xerencia Rede Museística

Tfno.: 982242112 / 699836883

[xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org](mailto:xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org)

Comunicación e Xestión Cultural

Tfno.: 982242112

[info@museolugo.org](mailto:info@museolugo.org)

Difusión

Tfno.: 982242112

[difusion@museolugo.org](mailto:difusion@museolugo.org)

Blogue da exposición

<http://arteparagozar.blogaliza.org>


[www.museolugo.org](http://www.museolugo.org)



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL  
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO  
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA  
MUSEO PROVINCIAL DO MAR  
PAZO DE TOR